

A Galicia máxica recalou en Begonte

► O belén electrónico cerrou as portas da súa 42ª edición coa ilusión posta nunha futura declaración de Festa de Interese Turístico Galego

MARÍA ROCA

BEGONTE. «Begonte, co seu belén, é a capital da Galicia máxica nos meses de decembro e xaneiro», resumiu o lucense Carlos López Fernández, gañador da trixésima oitava edición do certame de poesía convocado polo centro cultural José Domínguez Guizán pola campaña O Nadal en Begonte, o seu sentir ao recibir o seu premio no acto co que se clausurou o belén electrónico begontino.

Este singular nacemento, que xa leva 42 anos abrindo as súas portas a milleiros de persoas de toda a comunidade cada ano, foi eloxiado por todos os que interviron no acto, facendo referencia a todos os valores que transmite, «relixioso, cultura e rural», tal e como apuntou o presidente do centro cultural promotor, Jesús Domínguez Guizán, e a importancia que ten, ata o punto de promoverse a súa declaración como Festa de Interese Turístico Galego.

O alcalde de Begonte, José Ulla, apuntou ao respecto que a corporación aprobou por unanimidade un acordo para o inicio, xunto co centro cultural, dos trámites. «Esperemos que o vindeiro ano xa se conte con esta distinción, porque o belén representa o concello de Begonte», dixo o rexedor, que presidiu o acto xunto ao subdelegado do Goberno en Lugo, Ramón Carballo, e o xefe territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, José Jesús Ramos Ledo, entre outras personalidades.

Jesús Domínguez Guizán, pola súa banda, fixo unha avaliación positiva desta última edición do belén electrónico begontino, pese a que o número de visitantes se viu un pouco afectado «polo tempo, porque non foi bo para que xente saíra da casa e viñera ver o belén, e

tamén a crise xeral», pero rondou os 30.000.

Destacou do nacemento que «é unha igrexa, unha escola e unha parroquia» e que toda persoa, independentemente da súa ideoloxía, «atopa resposta nel ao que veña ver». «Podemos facer moitas lecturas, pero a primeira é a da liberdade, ademais de xustiza, respecto e amor», manifestou o presidente do centro cultural promotor.


PREMIOS. O acto de clausura centrouse na entrega de premios dos distintos certames convocados polo centro cultural José Domín-

guez Guizán. Así, no de poesía, ademais de Carlos López foron premiados Xosé Otero Canto e Baldomero Iglesias.

No de arte, o gañador foi José Manuel Peña Romay e o segundo premio recaeu en María Pilar Palmeiro. Xosé Manuel Carballo recibiu a máxima distinción no certame de xornalismo e Félix Villares foi segundo. Tamén recibiron mencions neste apartado Pepe Pol e Pablo Núñez.

O concurso de debuxo infantil contou con 16 escolares de toda a provincia premiados. A escola municipal de música Rábade-Begonte pechou o acto.





Sobre estas liñas, público asistente ao acto de clausura. Á dereita, varios momentos da entrega de premios dos distintos certames. M.ROCA